



Salvade o Rei do mar!¹

Anxo Angueira²

*Sálvame Deus que me cercan as augas e me chegan ó pescozo.
Estou esgotado de berrar, a miña gorxa está rouca.
Rodéanme as ondas da morte
arrástranme as correntes do inferno
(Libro dos Salmos)*

I

Un barco vive
compañeira
vive no pau das táboas
nun chicote de halar
con tódolos seus riscos e ronseis
os barcos viven coma ti e nós
de renacemento en renacemento
co seu duro desexo de durar
devalan e enchen neles as marés
dos nosos corazóns atribulados
son mariñeiro e un barco vive
velo? víchelo algunha vez?
el baila en cada foula
coas velas en bandeira
único mariñeiro do Feirón de Rianxo
as ondas dos océanos antigos
limpa o mar era unha estrada
de Ribeira da Pobra ou do Cabo da Crus
á Illa ó Grove a Vilanova

¹ Publicado previamente en *Nova Ardentia: revista galega de cultura marítima e fluvial* 13 (2021), pp. 106-110 (<https://www.novaardentia.gal/publicacion/nova-ardentia-13/>).

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Anxo_Angueira.

cando andaba en motora de pasaxe
desde a banda do mar a leste
a levar xente e gando
traguendo aceite e fariña
medrou cargando escama e cuncha
e acabou coma tantos galeóns
adaptado ó retiro en bateiro
nobre a fasquía aínda ben senlleira
vino xacer á beira da outra banda
pau mortizo chicotes podres ronseis esfarrapados
os febreiros despois do vello galeón
eran chamados Rei do mar
dirás e con razón que o nome é arrogante
masque
tamén o meu o é dabondo e máis para este caso
xuntámonos con el en Riasón aquí na da Mougán
o noso carpinteiro de ribeira
quitámoslle o guindastre e maila ponte
devolvémoslle a camareta vella
puxémoslle cuberta do trinquete
pintámolo entre todos os poucos
porque o fixemos en por nós
e seguimos e fomos
e aparellámolo con dous bos mastros
con foque e velas de relinga
que somos de relinga
amiga que me escoitas
coma en cabalos de andadura
un barco vive
e o Rei do mar volveu vivir
no colo quente destas mans de todos
chicote pau e risco en corso somos nós
por iso nos botamos aquel día
raza de carcamáns e de dorneiras
con todo o mar
con todo
dispostos novamente pra o salvar.

II

Canto ben e canto mal nos fai o mar
a nós e a tódolos gabidos

nas cantigas de Roi Fernándiz
na Escola de Navegación Tradicional da Arousa
e nos pés descalzos das patifas
era o nove de agosto do dous mil dezaseis
estabamos xa alerta e vixiantes
había mar bravo e vento coma area
máis de cincuenta nós no alto do verán
forza dez pola escala de Beaufort
que xa é decer pra que me entendas
salvaxe vento do norte en ría franca
e o mar de azul heráldico
na praia da Canteira e polo Vao
esgazándose en refachadas
fondeada por diante da praia
un fervedoiro de ondas escumantes
bate que bate en toda a nosa frota
na xeiteira na Peza de Rabo
no Rei e nas dorniñas máis a terra
mirade canto cabecean!
non han cabecear?
véde-lo vento que lles vén enriba?
en pleno mes de agosto!
para as embarcacións tradicionais
non hai ningún cobexo!
ai dios mío esa é outra
estabamos xa alerta e vixiantes
nos móbiles cantou o S.O.S.
aviso a navegantes
varou na praia a auxiliar
vinde facemos falta todos
xuntámonos máis dunha ducia
o espectáculo do Vao aberto ó norte arrepiaba
quixemos achicar a planadora e nada
abeiramos un coche
trouxémola pra terra halando pouco a pouco
e cando xa a tiñamos por riba da mallante
púxose a patroa da Ortelinda
a acenarnos co pícaro no colo e a berrar
mais o vento leváballe voando as verbas para o Grove
o Rei do mar! o Rei do mar!
ai amiga
tamén o galeón rompera amarras.

III

O Rei do mar! o Rei do mar!
erguéronseme os pelos da cabeza
acolá viña cara a praia
acolá viña o arroallo do noso traballiño
viña a gala das nosas romarías
o Rei do mar! o Rei do mar!
acolá viña ceibo á forza e arrincado dos mortos
traguido por un ceo que n'era de Galicia
pálido ártico lívido por tódalas fiestras
o Rei do mar! o Rei do mar!
acolá viña o día o mes e o ano
en que lle fixemos o bota abaixo no Cantiño
e fora polas Letras Galegas do 2012
que eran as de Paz Andrade
lucos de ardora branca en cada mastro
cando ti volvas polo mare
o Rei do mar! o Rei do mar!
acolá viña o noso galeón sen capitán
acolá viña a memoria dos trafegos da ría
novo pranto da frota
do patrimonio náutico galego
o Rei do mar! o Rei do mar!
aquelas ondas que o traguían
abalaban os nosos corazóns
aquele monte de mar e vento
víñasenos enriba a todos
a piques de esfraga-lo noso Rei contra a ribeira
así e todo
o primeiro dos pasos foi
un paso de respiro
que escorou de estribor e foi cruzando
a liña de fondeo entre as dornas
quixo abicar un algo o costado da Roxiña
pero non esmagou ningunha
e colleu de través
o rumbo de esfragarse contra a ponte
aí miña amiga e compañeira
había que moverse facer algo
e boteime á Mimela para o ir abordar
tanta ansia varrérame o sentido
zapateounos na ribeira ós dous a marusía

á miña dorna e mais a min
fervía o Vao fervíano-lo sangue
eu vin volto en volcán o mar
e vai e alguén petou con forza
nas nosas testas quentes e alouladas
alguén por todos nos chamou
salvade o galeón!
salvádevos vós mesmos!
salvade o Rei do mar!

IV

Corremos pola praia
descompostos
a persegui-la sombra do seu rumbo
vendo nun intre se ir os afagos de moitos días
unha vida de noso a punto de perderse
pero o Rei veuse vindo e acabou
varando co costado de estribor
nos cantos coma area da Canteira
libre de cons e ponte
das tan altas debrocas e costeiras do outro
ai mia señor belida
o mar daquela hora nunca os meus ollos o viran
nin o ferver aquel a mandarnos
corrida balaceira de salseiros
e aí empezaron as ondas a varrerem non
a brincaren por riba da cuberta do Rei
nós todos sentiamos bater con forza brava
sobre unha sinfonía de asubíos
as veas de metal das nosas fontes
a cada vagoada daba banda o gabido contra a
area
cada onda era unha topada nos nosos corazóns
chegáranos-la hora
God save the King unha merda
salvade o Rei do mar!
e alá fomos con todo contra as ondas
botabámo-las mans sen sabermos a onde
perdidiños
co mar pola cintura ou mesmo no pescozo
e de repente non sei como vin a bordo
a Lino da Noelia con Carlos o da Pancha

puideran gabea-lo trancanil!
 motor e avante en todo
 afociña-la proa co temón de estribor
 endereita-lo Rei
 velaí a manobra miña amiga
 había que axudar a viralo de popa
 e aí veunos ó xeito a estacha do amarre que romperá
 mesmo baixaba ben pola gateira
 o bruar do vento bouraba nos ouvidos
 e enterraba tódalas voces berros e barullos
 dera o motor prendido?
 e veña o mar a tombos
 e veñan vagallóns
 e o noso Rei batido
 e nós esfarrapados
 e todos pandeando contra as ondas
 Save Our Souls! Save Our Ship!
 Sálvanos Oh Señor! Sálvanos Ou Sepúltanos!

V

Ninguén falou
 botando e non botando a man sen xeito
 fómonos agrupando e repartindo
 tres á popa na altura dos tensores dos obenques da mesana
 que eramos Suso o sobriño de Claudio da Maristela
 un que non coñezo
 aínda
 e este teu Salvador
 querida amiga miña
 o Salvador barqueiro dos Castelos da Illa
 ou é que non me lembrás?
 na proa á estacha firme da gateira
 Xaime da Modia Bea a da buceta Salgharita
 Xusto o da Chíscala Anxo o da Roxiña
 o Fanty da Rosita Elías Madrileño
 Santi o da Forza R de Parada e un de gafas
 que tampouco che sei quen era
 non viraba o gabido e non viraba
 e a cada vagoada daba banda
 que niso aínda axudaban moito os mastros
 e o mar botábanos enriba o Rei

pra esmagarnos debaixo do costado
e non foi o pequeno quen se puxo máis á popa?
xogámonos a vida todos
pero Suso coas mans botaba e non había
quen llas de cadanseu embornal retirase
e non deixaba o mar de combaternos
ó Rei e mais a nós
brazos ó trancanil! peitos e mans á estacha!
e o barco non viraba
e non daba o gabido revirado
e en cada vagoada o mar e o vento viñan
nas altas ondas máis feri-lo noso Rei
brazos ó trancanil! peitos e mans á estacha!
e o barco non viraba
e a cada vagoada eu xa non sei
cantos trescentos anos alí foron
por enriba do mar do barco e mais de nós
de les a les as ondas volvían incesantes
brazos ó trancanil! peitos e mans á estacha!
por San Denis! valnos Santa María!

VI

Ninguén se vira nunca noutra
pero tampouco se rendeu ninguén
naquela longa loita e agonía
contra un tan alto mar e levantado
que nos quería vir comer a todos
pero ó cabo por fin
o Rei e mailas cousas foron endereitando
a popa gañou fondo
unha cuarta das de Avilés de Taramancos
que era a de traballar a hélice
salvadora espiral avante
e pouco a pouco o barco foi virando
con nós repartidos no costado
Lino tornou do leme e meteu atrás en toda
custar custáballe ó motor
o temporal de mar e vento batía en toda a popa
viñan a cada volta as vagoadas
corrían na cuberta as altas ondas
brazos ó trancanil! peitos e mans á estacha!

veña agora tamén á roda!
ata que o Rei colleu por fin goberno
ai amiga por Deus e compañeira
non acabara o salvamento
pero o gabido revivira
coma nós
un desafogo na derrota
que nunca poderemos arriar.

VII

Parecen botados do mar de Niñóns!
chegamos á mallante aínda aloulados
pero Carlos e Lino e mailo Rei
seguían no combate
berraba eu dentro da cabeza miña
Lino déixate ir! déixate ir atrás!
que ó cambiares e dar avante
con este mar de vento derivades!
non vas ter refuxeiro pra virar!
escóitame ou non ves?
aínda ides volver de novo á praia!
Lino non me escoitou
que me ía escoitar!
deixouse ir moito moito atrás
porque el é ben de mar e mariñeiro
para que ó Rei lle dese na vara na virada
como decémo-los da Arousa
e poder encara-lo temporal
coa boca aberta aínda
seguímo-la manobra desde a praia
ata que o Rei cabeceou ó xeito e colleu curso
rumbo limpo ó abrigo en Cabodeiro
había que forza-lo motor
que era moito mar o que viña de proa
e entón eu vin e todos vimos fume
un fume mesto e negro coma o de Barakaldo
eu moito me inquietei
aínda miña amiga non tiñamos acougo
algo sei de mecánica naval
aquele fume podía ser moi fácil
da Ría do Nervión ou Ruhrgebiet

do aceite que debía te-lo cárter
pendía todo en dar chegado ó Cabodeiro
estabamos aínda nós pingando
e eu non sei se era o mar ou a agonía
pasou o seu fondeo Os Tarais Riasón e Ximeliño
pasou a de Mougán onde fora outra vez máis nado
e onde nos dera tanto traballiño
pasou as pedras do Aguillón
pasou as da Sapeira
faltáballe moi pouco
e cando navegaba á punta do peirán de Cabodeiro
xa non houbo máis fume nin máis máquina no Rei
gripara o seu motor
quixeno san Denís e nosa santísima María
que a propia inercia do gabido
o portase ó cobexo
coa pericia dos nosos mariñeiros
só lle estragou o puño
de gas á planadora dun veciño
perdido carcamán ou náufrago de Sálvora
así arribou o Rei a terra
compañeira
durante varios días o mar foinos botando
das nosas dornas afundidas
as táboas dos empanetados
as tapas das cadeiras
os carros canas e temóns
bombas de achique escoras chicotes remos mastros
e mallante do Vao adiante
entre tristes queixumes das cadernas
andaban os patróns ás crebas.

VIII

Un barco de noso é unha vida
miña amiga e compañeira
despois empezas a pensar
volves e ve-lo azul heráldico
no maxín das lembranzas
volves ver e escoita-las altas ondas
o que foi e o que nunca máis será
e claro tes por forza que impar un pouco e incha-lo peito

e xa te ves decendo no alto e mais no baixo
velaquí os da vela e os do mar
et nous voici plus bas et plus haut que jamais
pode haber quen no mundo loite
con máis medios e máis intelixencia
polo que é seu de todos e de sempre
polo que herdou e quere defender
pero botarse ó mar
xogarse a vida en pleno temporal
por un barco un gabido un vello galeón
non creo miña amiga que en ningures haxa quen
e cantos que aquel día non estaban no Vao da Arousa
darían o que fose por loitaren con nós á nosa beira
coa auga no pescozo
ó pé de estacha ou de embornal afoutos
contra aquel mar aberto até o inferno
contra as augas que cercan o mundo arredor todo
contra tódalas súas feras de vento e duras vagoadas
para que o noso Rei non se perdesse
e estaban
porque eran eles quen berraban
de mortos ou de vivos
salvade o Rei do mar!

IX

Onde ti estás amiga non hai mar?
aquí aínda arrecende
un gabido de noso é unha vida
hai que pórse tódolos invernos
cómpre mirar por el
un ano e outro ano
o Rei levámolo salvando moito tempo
coma certo irlandés naturalista
coas moras maduriñas pañadas nas silveiras
un ano e outro ano
podrecían nos tarros e nas latas
e el non deixaba de intentalo
tamén lanchas e dornas se arruínan
un ano e outro ano
cómpre mirar por elas
e os galeóns da Arousa

o Adelino Manuel e o Komaira
os do Carril Moaña e Abelleira
un barco é unha vida
enxebre e inmensa foi a do Nuevo Sofía
despois de andar á area en Quintáns de Isorna e polo Ulla
morreu de bateiro no Meloxo
mais cómo alumeaban as súas velas
inchadas toda a ría despois de renacido
el podería se-la nosa sede en galeón
para os grandes tratados internacionais
mais volveuse perder
agora sen remedio e para sempre
entre as ondas da morte que son as do abandono
que mágoa que tristeza canta dor
enchemos o panel con erros e derrotas coma area
e esas ondas están aí e volven
toda a vida
porque un barco que navega e está no mar
é un barco que vive
non coma ti e coma min
la mort l'amour la vie
que somos de papel.

X

E xa non digo máis
chegamos da batea ou do boliche
vimos de andar ó rastro ó xeito
do axexo ou da luzada
vimos do mar amiga
e aínda nos dá na vara
pra andar nas dornas e nas lanchas
en gamelas e galeóns
un día no temón á vela outro de calafate
porque morren tamén a cada intre
e máis aínda expostas e sen ningún abrigo
sen poderen fuxir
da tempestade de arneirón e ventos duros
de axudas oficiais non temos novas
mariñas pra estes barcos
ou poucas ou ningunha
nin barqueiro nin remador

nin patria en vinagre
porque Galicia non ten patria
compañeira
e o noso mar tampouco
porque estamos nós sós
e están as nosas mans e os nosos corazóns
e un gabido de noso é unha vida
e unha vida é un soño
como as amoras das silveiras
que un día e outro día
un ano e outro ano
aquí e en Irlanda
todos nos esforzamos por salvar.